

David Posada González

David Posada González (Vigo, 1971) é licenciado en bioloxía {1994} pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Obtivo o doutoramento en Zooloxía (2001) pola Universidade de Brigham Young (Utah, EEUU) e, durante o doutoramento, levou a cabo unha estadía de investigación na Universidade de Oxford (Reino Unido), no 2000. No 2002 fixo outra estadía de postdoutoramento no Massachusetts Institute of Technology (MIT) en Cambridge (Massachusetts, EE UU) e, durante o período do 2001- 2003, foi científico sénior na empresa Variagenics, Inc, da mesma cidade.

No ano 2003, unha axuda Ramón y Cajal fixo posible a súa volta a Galicia, concretamente á Universidade de Vigo (UVigo). Obtivo a praza de profesor titular no 2007 e fíxose catedrático de xenética no 2011.

As súas liñas de investigación caracterízanse pola multidisciplinariedade, que combina conceptos e ferramentas de bioloxía, estadística e informática para o desenvolvemento de métodos e aplicacións na análise evolutiva de xenomas en poboacións e mais en especies. Coordinador do grupo de investigación en filoxenómica do centro de investigacións CINBIO da universidade olívica, a súa liña de investigación actual céntrase no campo da xenómica evolutiva do cancro. No contexto de pandemia da COVID-19, coordinou o proxecto EPICOVIGAL de epidemioloxía xenómica da SARS-CoV-2 en Galicia.

Foi o primeiro científico galego que obtivo un **ERC Starting Grant**, no ano 2008, cun orzamento de case 1 M€. O proxecto orzamentado, **PHYGENOM**, rematado no 2013, tiña o obxectivo de xerar modelos reais da evolución do xenoma, ao integrar cambios no contido xenético e de secuencias de xenos a través do uso de ferramentas bioinformáticas.

No 2014, o doutor Posada volveu ser o primeiro científico galego en obter unha **ERC Consolidator Grant**, neste caso para levar a cabo o proxecto **PHYLOCANCER**. A proposta, dotada cun orzamento de 2 M€ e finalizada no 2019, tiña o obxectivo de trazar a historia evolutiva dos tumores ao aplicar técnicas de xenómica de célula única.

Como autor de máis de 160 artigos en revistas cun impacto elevado e 21 capítulos de libros, o traballo do doctor Posada foi citado en máis de 77.000 ocasións, estando catorce anos consecutivos na clasificación dos investigadores máis citados do mundo, cun índice H (WoS) de 56. É o único investigador español cun artigo entre os 100 máis citados da historia da ciencia.